

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 1 DE DECEMBRO DE 2017

LICENZAS

FAVORABLES.-

LAP/252/2017.- RAIÑO DE SOL, S.C.- Aceptar a cesión de viario en base ás aliñacións fixadas polo planeamento municipal e conceder licenza de obras para ampliación de explotación existente de gando vacuno leiteiro en lugar Torre Enfesta, 10 Polígono 511 Parcela 10667 Zanca Nova.

LIC/2319/2009.- MODESTO JESÚS VAZQUEZ VILARES.- Aceptar a cesión de viario dunha franxa de terreo de sesenta e catro metros e corenta e cinco decímetros da finca nº 432 da zona de concentración parcelaria de San Martiño de Aríns.

LIC/848/2017.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AVDA. DE LUGO 227.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para executar as obras de instalación dun ascensor no edificio sito na Avda. de Lugo nº 227.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario en base ás aliñacións fixadas polo planeamento municipal, e conceder licenza de obras para ampliación de explotación existente de gando vacuno leiteiro en lugar Torre Enfesta, 10 Polígono 511 Parcela 10667 Zanca Nova. LAP/252/2017. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario dunha franxa de terreo de sesenta e catro metros e corenta e cinco decímetros da finca nº 432 da zona de concentración parcelaria de San Martiño de Aríns. LIC/2319/2009. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para executar as obras de instalación dun ascensor no edificio sito na Avda. de Lugo nº 227. LIC/848/2017. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa a alegacións contra a proposta de sanción e ao inicio de procedemento sancionador na ATRIG contra o Concello de Santiago por incumprimento das obrigas tributarias no expediente de orixe TRA/2017/15/000/4977. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa á corrección de erro no punto nº 53, da sesión de 24-11-2017, relativo a adxudicación do "Subministro para a mellora das instalacións de alumeadado público nos accesos á cidade de Santiago de Compostela (FASE III). Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible 2014-2020". Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa ao nomeamento dos membros do comité de expertos para realizar a avaliación das ofertas

na licitación do subministro e instalación de cubertas portantes para as áreas de xogo infantís de Fontiñas e Castiñeiriño. Orzamentos participativos 2017. COMPOSTELA DECIDE. Apróbase a proposta.

8.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración relativa ao inicio de trámites para proceder á recepción das obras "Proxecto básico e de execución de mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre FASE III". Apróbase a proposta.

9.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración relativa ao inicio de trámites para proceder á recepción das obras "Repavimentación do entorno do Parque de Santa Susana". Apróbase a proposta

10.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración relativa ao inicio de trámites para proceder á recepción das "Obras de mellora da pavimentación dos viais nas parroquias de Busto e Marantes (POS 2016)." Apróbase a proposta

11.- Recoñecemento de obrigas. Apróbase a proposta

12.- Recoñecemento extraxudicial de créditos. Apróbase a proposta

13.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Económico dando conta da sinatura do convenio de colaboración entre o concello de Santiago de Compostela e a Cámara de Comercio para 2017. Dase conta da sinatura do convenio, que supón unha achega municipal de 9.000 euros.

14.- Proposta da alcaldía relativa ao nomeamento de representantes municipais na comisión de seguimento do convenio de colaboración entre o concello e a USC para o acondicionamento do campo de fútbol do Campus Vida. Acórdase nomear como representantes da comisión de seguimento á concelleira de Deportes, Noa Morales, en representación do alcalde, e ao técnico do departamento de Deportes, Juan Garabato.

17.- Proposta relativa á adjudicación das obras de "Reurbanización na rúa Rapa da Folla - POS 2014". Acórdase adjudicar as obras á empresa JSTOP Obras y Servicios por un importe de 34.364 euros, IVE incluído.

18.- Proposta relativa á concesión de autorización demanial para ocupación de dominio público para instalación de pista de xeo. Acórdase autorizar a ocupación da vía pública para a instalación dunha pista de patinaxe sobre xeo nas tempadas de Nadal 2016/2017 e 2017/2018 á empresa Entertainment and Leisure Technology SL, cun canon de 2.000 euros. Así mesmo a empresa compromete os seguintes prezos:

_ Escolares: 4,50 euros

_ Público en xeral, sesión de 50 minutos: 8 euros

_ Público en xeral, sen limitación de tempo ao longo dun día: 10 euros

_ Luvax e manoplas: 2 euros

19.- Proposta relativa á aprobación do reaxuste de importes e anualidades do contrato de servizos "para a execución de operacións de conservación, reparacións e pequena reforma de diversos edificios e instalacións dependentes do Concello". Apróbase a proposta.

URXENCIAS

1.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do proxecto de acondicionamento do río Sar-Conexión Senda Verde Pontepedriña-Conxo (túnel). Apróbase o proxecto de acondicionamento, cuxa execución non poderá començar en tanto que non se reciba a correspondente autorización de Augas de Galicia. O orzamento máximo de licitación é de 39.000 euros, IVE incluído, e o prazo de execución é de 9 meses.

2.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do proxecto de Renovación e ampliación do sistema de céspede sintético e do sistema de rega no campo de fútbol municipal de Santa Isabel.

Departamento de Prensa. Tfno: 981 54 31 09. Fax: 981 58 96 88. E-mail:
prensa@santiagodecompostela.org

Apróbase o proxecto técnico, cun orzamento de 524.300,44 euros, IVE incluído, e un prazo de execución de 38 días.

3.-Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación do convenio co Conservatorio de Música Tradicional e Folque. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 20.000 euros.

4.-Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á aprobación do convenio entre o Concello e a Universidade de Santiago. Formación e Cooperación. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 8.000 euros.